

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZ OS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PRAZA M.^a PITA, 17, baixo (Irmandade da Fala)

Número 97

A CRUÑA 15 DE AGOSTO DE 1919

NOTAS MARXINAES

A representación proporcional

Por unha curiosa coincidencia falamos ó mesmo tempo d'igual tema Román Rodríguez de Vicente, Marcelino Domingo e o autore d'estas glosas.

Román Rodríguez de Vicente, que foi deputado socialista na República Arxentina, onde s'atopa e qu' é un escelso galego nado en Bayona (Pontevedra), n' unha notable conferencia que dou na sociedade meritísima de Bós Ares, "A Terra", logo de confesarse entuslasta rexionalista—sin deixalo socialismo c' o que aquel ideal cada vez false mais compatible—pidiu a cantos o ouvían que traballaran para que os gobernos concedesen a Galicia o sistema da representación proporcional.

O autor d'estas glosas tamén o pídila no derradeiro número de A NOSA TERRA, com' o ten pedido moitas veces mais.

E Marcelino Domingo, n' unha intervención que concedeu para *A Ven de Catalunya*, proclamouse asin mesmo partidario resolto e aceso de somellante progreso nos vellos e arcaicos costumes políticos da Hespafia.

¿Cómo non ha causarnos ledicia comentar estes feitos, se os nazonallistas galegos na hestórica Asamblela que celebraron en Lugo consinaron—ollai o seu manifesto—a necesidade do sistema da representación proporcional para o xurdimento político de Galicia?

Co'a representación proporcional, dicía Rodríguez de Vicente, esnaquizaráse a política "caseira", qu' é unha das melrandes mágoas galegas. Co'a representación proporcional, dixo Marcelino Domingo, desaparecerán eses Estados maiores da política caciquil que non teñen masa as suas ordes. Co'a representación proporcional e c' o voto segredo, coma na Arxentina—pídilo na derradeira Asamblela de Ponteareas e pol' o que nós gramamos tantas veces—Galicia ficaría redimida das oligarquías que a afunden, ás dúas eleccións que houbera rexidas por aquel sistema.

E ten razón d'abondo Marcelino Domingo. Canto mais amplias selan as circunscrições, millore. Rexionaes, resultaría o mais axetado. Pro si elo de momento o non quixeran os centralistas, pol' o menos habería que pídilas provincias. Provincias e a base do voto segredo e obrigatorio seguindo a lei electoral arxentina. Así opinan tamén Cambó, Salvatella e outros.

Entón, con reforma tan sinxela, tan europea, tan moderna, os cunellos morrerían. Desaparecerían os distritos herditarios. Da nosa elección, á segunda loita electoral, non irían ó Parlamento senon persoalidades capacitadas, elixidas en escrupulosa selección pol' a vountá popular. E d'aquela, quixeran ou non os parvos, a nazonalización da nosa política sería base esencial da política galegusta en triunfo.

Os socialistas españoles desexan tamén a representación proporcional. Os republicanos e agrarios o mesmos. Porque todas estas forzas

ademais da nazonalista, non chegan a un acordo común para impór tan trascendente sistema electoral? Galicia, d'outro xeito, seguirá sendo a vergoñosa elección na Hespafia: a única terra onde sollo dend'a Restauración á data, houbo deputados e senadores liberais e conservadores. ¿Cando Galicia lle non debe miga á ningúen na Hespafia!

O ferrocarril da Costa

E ridículo, se non fose cousa xermoladora de xenreira, o feito de que os cunellos galegos sollo falen nas Cortes e de xeito humildoso, cando aquelas están para pecharse, do ferrocarril da Costa.

Esto acabe de facer o Sr. Gullón, deputado pol' os caciques d'Ortigueira.

¿Por que este señor Diputado non falou de nantes?

Sempre socede o mesmo. ¿Váñse pechal-as Cortes? Pois unhas palabrias para engalofare ós ovellunos pobos de Galicia que teñen interés en que se construya aquela liña de ferro.

Houbo momentos nos que pareceu que o ferrocarril da Costa iba ser un feito. Agora coldamos que se non facerá endexamais. Como non sela por unha Compañía estranxeira. E moito tememos aínda que se unha Compañía estranxeira desexara facelo, baixo pretexto de "razos patrióticas", il' o non delixen facer tampouco.

E d'aquela, lembrando a frase de Costa, conven dicir que non val sendo negocio o do patriotismo.

Mais voltando ó caso de Gullón. Este señor afirmou que se non s'aproba a construción do ferrocarril da Costa, el' opórase a que s'aprobe a de ningún outro.

As poucas horas volveuse a falar do ferrocarril e o cunello ortigueirés e todol' os mais cunellos galegos, caladifios, caladifios, caladifios.

Mesmo da noxo.

Galicia e a estranxeirización

O señor Cambó ó falar no Congreso do intervencionismo do Estado na vida económica da Hespafia, dixo que de se non ire a él, a liña Hespafia ficará totalmente intervidida pol' o capital estranxeiro, pero primeiro quizais que outras rexións, Galicia.

O señor Cambó que conee, coma ningúen entr' os políticos, que a nosa Terra lle non debe nada ó Estado hespañol, que a nosa Terra constituyede dende antigo a cidadanía plininsuare, ó facer aquela advertenza ó Parlamento, sinalou patrióticamente un grande perigo.

Mais quizais selba xa o señor Cambó que tal vez resulte tarde para Hespafia, no que a Galicia se refire, a intervención económica dos Governos.

¿Pois, malo cando a intelteualidá moza d'un pobo, logo d'ensaminare os valores hestóricos,

chega á conclusión que ten chegado a intelteualidade galega novecentista ou neosófica!

O novo Presidente da República veciña

A elección d'Almeida para a presidencia da República portuguesa encheunos de ledicia. Porque nós, os nazonallistas galegos, deselámol-o ben e o progreso d'aquela terra irmá. E Almeida, que ten fondos simpatías no seu pobo, que posé un forte talento e unha melrande vountá, ha encarrillare a vida pública do país lusitano pol' o camiño do orde e da democracia. ¡Facemos sinceiros votos por que asin soced'!

CARTAS DA VILA

O mentir da Estadística

A Dirección do Instituto Xeográfico y Estadístico acaba de publicar unha Memoria que encerra a estadística do suicidio na Hespafia durante os anos 1912 a 1919.

D'aquela Memoria temos lido síntesis e comentarios—algús do Sr. Somoza, dino funcionario cruñés. Segun eles, as provincias de menor coeficiente de suicidios na media ducia d'anos, son as galegas i-asturiana; o maior coeficiente dónano as grandes urbes: Madrid, Barcelona, Valencia, Murcia, Bilbao, cousa moi doadamente espricabre. Mais o que xa se non esprica tan ben é o que oferzán considerabre coeficiente de suicidios ás provincias de Guadalajara, Geróna, Soria e Segovia. E o que resulta de difícilísima espricación é este dito da Memoria: "a maior cultura, maior número de suicidios".

Inda que ¡xa ora! nós temos formado de moitas estadísticas un conceuto sinxelo que obriganos a pensare que o "mentir da estadística é un gracioso mentir", porque ós números—disimulen os espíritos matemáticos de que falou Goethe—se lles pode facer demostrar con hábiles baraxamentos canto un desexe, para que os homes graves fiquen epatados, n'este caso concreto e tratándose d'un organismo tan serio e concenzudo com' o Instituto Xeográfico y Estadístico, non dubidamos ¡meigas fora! nin un momentinho, da verdade das suas afirmacións.

O respetabre Instituto ten moita razón. Mais si está no certo ó sentenciar solenemente que a maior cultura maior coeficiente

de suicidios e que a mortalidá vountaria nas provincias de Guadalajara, Soria, Gerona e Segovia resulta moi considerabre sobre a de Galicia e Asturias, a súa sentenza fica un pouco esmagada. Pois Oviedo e Pontevedra, verbigracia, supoñemos que para os señores do Instituto serán mais cultas que Guadalajara e Soria, entre outras. Sempre que s'entenda por cultura, craro está, gran densidá de poboación, meios de comunicación doados, porta aberta ó mare, pouco analfabetismo, etcétera.

Mais isto a unha beira, a Memoria ofrece outros datos d'interés que han comentarse de xeito moi diverso mulleres e homes. Asin cando afirma que o estado civil de viudo é o que dona mais continxente de suicidas e o de solteiros o que menos desesperados da vida presenta, coma cando refire que nos países nos que eisiste o divorcio é onde rëndese meirande tributo á mortalidá vountaria.

D'aquí podería deducirse—e deducirano algunhas leutoras—que, para o home o matrimonio é bon. E lles non faltará razón a elas, tan donas de senso práctico e tan conservadoras, pois según a mesma Memoria por cada tres homes soilo unha muller s'arrinca a vida (Proporción habitual non somente na Hespania senon no estranxeiro). Pro entendámonos varós labercos. A solteiría é o millor no xeito de preservadora da eisistencia. Mais ¿eisiste a solteiría coma estado definitivo, premanente? ¿eisiste a solteiría absoluta, agás en casos escepcionaes?

Acouguen as mulleres e soseguen ante da negativa forte que eisixen as perguntiñas feitas, e pñanase ledas pensando que a viudez e o divorcio, según a estadística, son os causantes da mais considerabre mortalidá vountaria. Pro ¡ai! que inda non saímos asin tampouco d'un condanado circo vicioso. Pois para enviudare hai que casarse e para chegar ó divorcio, dous cartos da mesma cousa. E vexan a consecuencia: completamente solteiros, imposibre; casados, malo; cultos, piore...

Bon ha ser, pois, que non faigamos moito caso de moitas estadísticas para evitar-mos preocupaciós serias d'abondo. E menos agora, no vran, porque o vran e a primadeira, según os señores do Instituto, son as estaciós mais axeitadas ó suicidio.

Se resultará—¡oh Castela!—que a Estadística e a caricatura teñen unha relación estreita de que as xentes non poíderon de-catar-se...

A. VILLAR PONTE.

DOS VELLAS POETAS

Contiños de Benito Losada

OS POTES

Cremente foi a unha festa
E ali unha moza pillou;
Mais, cando fora a botou,
Tíña dous potes na testa
Vendoos, dixo: ¿Qu'hei facer?
Irme, pois ningún m-o prlva,
Que poida dar qu'algo enriba
Me poña a milla muller.

O CIGARRO

Pidíndolle lume, Antón
Chegou á porta de Rosa;
Ela que é moi dadivosa,
Doulle aceso un boo tizón.
Vánse n'aquela ocasión
A rebuldar á cocíña,
E a ver qu'o cigarro tíña
Sin lume, Antón dílle así:
Anque m-o acendiches tí,
—Matáchesmo ben axíña.

O BICO ROUBADO

P. ¿Que che din un bico, díme agora
B. ¿Que ch'o roubei?
Afellas que calar millor che fora...
Non sabes que na cara ch'o deixei?

Si eso é roubar, qu'así me lev'o deño;
¡Eu nunca tal oí!
Mais si en quedar en paz mostras empeño
Ven, qu'aquí estou, e roubam'outro a min.

Os galegos, sempre desgaleguizadores

No monte dos Muíños, da Cruña, xa sabedes, que ten mentes o Concello de facer un gran parque. E a este parque acordou pórsele o nome de Joaquín Costa.

Nós temos por Costa unha fonda veneración. Inda que admiramos mais o Costa polígrafo—que as maiorías non coñecen—que o Costa autor de programas políticos non tan xenias nin trascendentes coma moitos coldan e pol-as que il é popular entr'as muchedumes.

Pro coldamos patriótico dicir o seguinte:
Qu'è un xeito de cunelismo moral vountario, antigaleguizadore—e vergoñoso pol-o mesmo, xa que supón desconecemento dos nosos valores propios—o feito de buscar un nome aragonés, inda que venerabre, para un parque da chamada capital de Galicia.

As comparanzas son odiosas; mais ¿Rosalia Castro no foi ao seu mais cume que Costa? O mesmo poderíamos dicir da Pardo Bazán, de Concepción Arenal, do P. Feijóo, de Saíd Armes-to, de Pastor Díaz—moi anterior a Costa e polígrafo con vislós somellantes ás de Costa, loubador entusiasta da Cruña e apostol aceso da democracia e da supremacia do poder civil.

Parque Rosalia Castro; esto tería de ser o xusto. Esto vos era o lóxico.

Canta pobreza d'espírito, que falla d'espírito propio hai nos galegos, inda nos que parecen mais cultos. ¡E queremos progresare!

Témol-o que merecemos, sinxelamente.

XUICIOS ALLEOS

O fracaso de Bugallal

Chegouse ó final do preito, na discusión da fórmula económica que avalaba o Parlamento da Hespania centralista. Coasi todo foi n'él tan noxento e baixo, que o país poderá lembrar, sempre que queira sinalare un exemplo de desastre político, esta eira de cínico desafogo ó redor do problema mais serio.

O conde de Bugallal puxo á discusión o advertido remate da súa melosa retórica. Os seus discursos foron a expresión acabada, insuperable, da nosa vella política. As inquietudes que suscitou o señor Cambó, dándolle xeito europeo ó debate, respondeu o conde de Bugallal c'un alarde de frivolidade apenas disimulada entr'unhas poucas verbas fallas de todo senso moderno. Era tod'a política vella que rexurdía no escano azul. Este galego listo, vlvarachetro e saudoso que ocupa agora o ministerio da Fazenda, desentendiase de tódol-os problemas fundamentaes da nosa economía. ¿Qué lles importa a estes homes do tempo antigo o profundo latexare dos días novos? Para eles o principal é bogar tranquilos, acougados na charca d'unha política sempre lgoal.

O señor Cambó demostrou que o señor Bugallal non se ten preocupado d'estudar a fórmula económica nos seus aspectos mais importantes, xa que pertence a aquela política creado e orientada nos bós tempos de Matusalén.

(D'O Sol, de Madrid).

O TEMA DE SEMPRES

¿REAICIONARIO?

Discutindo eu c'unha persoa enemiga do noso credo, espúxome n'istas verbas o que él coldaba respecto da idea que defendemos: "O nazionalismo—decía—ou as Irmandades da Fala, non teñen por base unha idea democrática si non reaicionaria. Cando camifiamos hacía unha lingua universal única, veñen vostedes a divulgar tódal-as lingoas mortas ou moribundas.."

Son moitos os que na nosa terra, e fora d'ela, pensan d'iste xeito, e por iso eu coldo que sóbor d'isto temos que latricar sempre, sen acongo, ate que non haxa un solo d'istes desconfiados que non queren entendernos.

¿Nosotros reaicionarios? ¡Nosotros siguit unha ruta distinta da que levan as orientaciós modernas! Non. Nosotros siguímos o modernismo e por iso somos nazionalistas, se non non-o seríamos. Probás: Os tempos antigos eran de conquista: Os pobos grandes abranguan para sí a os pequenos Estados débiles. Hoxe os pequenos Estados recobran a súa libertade celbados pol-a circunstanca da hecatombe mundial que trouxo, pese a barbarie en que foi inspirada, o adiantamento d'unhos pasos no progreso do mundo. Mirade á antiga Austria Hungría; á Germania de Guillermo II e a de Ebert, a Rusia do Zar e a d'hoxe. Todo isto ven a demostrar a razón que nos asiste no ideal que coblizamos ver conquerido. ¿Sabedes por qué eses Estados, antes apreixados e hoxe ceibes, recobran a súa independencia? Unha d'as cousas principaes é a linguística, porque ela é, e representa, o espírito d'un pobo, a súa vida, a súa ideoloxía... todo.

Polonia, por exemplo, pese a os esforzos de tódol-os seus imperialistas dominadores, non perdeu nunca a súa vontade, porque non perdeu o seu idioma. O idioma representa o espírito das persoas y-e imposibre que poida sere estinguído por ningún. Recoficendo a

Importancia do idioma o Zar, nos primeiros tempos da dominación de Polonia, decretou a oficialidade do ruso n'aquel país e tratou por todol-os medios de destruír a lingua nat'nal prohibindo, con ordes severas, aos nat'raes o emprego da súa lingua. Pero todol-os esforzos foron inútiles, o pobo, e o mesmo os mestres n'as escolas, seguían falando o seu idioma, sigulron conservando o seu espírito, e hoxe, ao ver a ocasión propicia, ergueron o santo lema da súa liberdade.

Así, fixédeos ben e pensade con sinceridade: un galego a quen de neno lle insinan a falar en castelán, cando chega a home, non ten espiritualidade, porque foi criado n'un espírito diferente do seu, e sinto unha cousa e pensa outra en contraposición.....

Nos outros, si fora posible, y-elo trouxera as mesmas vantaxas que as linguas nat'raes, non poderíamos negar a aceptación d'unha lingua única universal; pero temos a seguranza de que isto nunca se levará a cabo; non-o coidamos posible. A lingua non é unha unidade de medida que poida adaptarse a tódal-as partes; non é un sistema métrico decimal que sirva para tod-o planeta. Proba evidente de canto afirmamos dánola o caso de Galicia: cinco séculos d'imposición oficial d'unha lingua estrana e co-elo non se conseguíu mais que faguer que se falase con pouca propedá nas poboacións. A lingua representa a espiritualidá d'unha raza; é unha fonte de arte como dixó o xenial Castelao.

Pois ben; xa que en quinentos anos d'imposición d'outro idioma, Galicia sigue falando o seu, ¿cómo se pretende impór unha sola lingua en todo o mundo? Imposible. Endexamais se logrará unha pretensión tan absurda.

E xa que isto non é posible, nos outros faguemos ben en despertar mais no pobo galego o seu idioma, porque d'iste xeito, non solo abrimos, mellor dito, estendemos unha fonte de arte, si non que abrimos tamen outras fontes na literatura e quizais a talentos sin esproclación.

¿Queremos nos outros esquencel-o castelán? Non: pretendelo sería absurdo porque é unha lingua importantísima en tódol-os ordes. Queremos o galego en Galicia; queremos na anti-ga Suevia persoalidade própea.

Sobor da outra afirmación, de chamarlle ao galego lingua morta, eu coido que desconecen a realidade quenes tal afirman. En Galicia fálan-a as cinco sextas partes do seu terreo, e ofrécenos longo campo por Portugal, as suas colonias e o Brazil, de xeito que, non solo non é lingua morta, se non que, o adprender ben o galego ofrécera un bó porvir as xeneracións vdeiras e quizais á nosa, que non dubidemos, Portugal co'a normalización e progreso de Hespaña, deixará de ser d'influenza inglesa e virá ó que nos cobizamos tanto: á federación Ibérica. Entón os galegos como irmáns dos lusitanos, non deixarán de ademirar o ideal nacionalista que trouxo consigo, co *separatismo*, a unión de dous Estados que crearán unha nacionalidade única e ceibe que será o verdadeiro centro, é dicir, o corazón d'Europa e América: Pero para isto é necesario ser todos con nosco, *separatistas e tradicionalistas*. (P)

Hay quenes, cando son rebatidas d'iste xeito as suas creenzas, chámannos ilusos. Si; nos outros seremos ilusos; pero vos outros, os que non tedes mais ideal que a indiferencia, a inacción, tragueredes unha rexeneración de Hespaña ben pode e despreciable!

Con vountá forte e confianza na idea todo se conquiere: co'a apatía e a indiferencia, non salremos endexamais d'os noxentos equillbristas que nos gobernan ó antoxo das suas comenencias.

O ABADE AIO.

Betanzos.

POEMAS CURTOS

O a-la-lá

A y-ruga d'o río corrente val parand'en remansiños pr'escoltar caladamente o cantar d'os gallegulhões...

Y-ós finás d'as cantinelas tan longos com'as regatas, van esmorecendo n'elas cal'lexanas serenatas.

Hastr'o air'escolta quedo os ecos d'os ala-lás... y-a curuxa no penedo. é n'ó agro o paspallás.

¡Doce remanso d'a vida, n'as noltifias de luar! ¡mixa de gloria perdida pra quen non-a val gostar!

F. SALGADO Y LÓPEZ QUIROGA.

UN TRISTE VIAXE

Os cidadáns de Sada, bulrados

En Sada, na vila meiga das Mariñas, van de mal en pior. Según nos dín, pagaban os veciños d'aquel Concello hastra agora 6.000 pesos de consumo; e quere impórseles mais do dobre enriba.

Para entregarlle unha respetosa protesta ó gobernador, víñeron fal poucas datas a Cruña centos de homes e mulleres de Sada. Non querían orgalzar unha manifestación, senon demostrarlles as autoridades d'acó o mesmo que ós xornaes, que é coletivo e xeneral o disgusto contra aquela absurda soba no Consumo, que pode dar logare a un novo Sofán.

Pero a policía lles impidiu iren en grupos hasta o Goberno civil. E eles obedeceron humildemente. E nos xornaes non dixeron nada da súa odisea nin do acto cidadán que víñán a facere.

¿Quéñ dirixiu tan mal os veciños de Sada? ¿Cómo non buscaron o apoio de quen soupera dar a cara por eles valentemente na Cruña? ¿Qué crás de consellos reciben?

A nós, dende logo se non dirixiron, pois se a nós s'houberan dirixido non daríamos disculpas para non acompañalos a onde fose.

Decátense, decátense ven de todo esto. Mais non sintan desalento e tomen novos folgos par'a loita. Pero adprendan tamen os seus directores e aconselladores a saber facel-as cousas.

Fixéchedes, veciños de Sada, un viaxe en balde, que vos desalentou, cando poido ser moi froitifero. Se organizádes un mitín na Cruña, d'acordo co'as forzas democráticas e anticaciquis d'acó. Se vos honbésedes dirixido ó Sr. Calvo Sotelo, defensor das concrusiós da Asambrea Agraria de Pontearas, para que no Congreso falase do bárbaro novo imposto que Dios sabe porqué queren impoñervos os caciques.

Pero fiádesvos dos que dín que vos queren moito—palabras sen obras de nada sirven—e no pecado lévachedes a penitencia.

Ademais, mentras coidedes que os caciques non son homes como os mais...

LEMBRANZAS D'UNHA NOITE

MORRIÑA

Era unha d'esas noites nas que a lembranza da Terra-nal, enchía o meu espírito de fonda malenconía. Camifaba sin que pensamento algún fixase as ideías. Somellante a un illota cruzaba as ruas solitarias. De tempo en tempo, tendía esta soedade o paso de unha volvoreta desgraciada que val ofrecendo amore por unhas poucas cadelas, levando retratada nas tingnidas melxelas unha vellés que se adlanton por more do moito amor que vendeu.

Fixome volver a odiosa realidade do vivir, unha múseca que hasta min chegaba incompreta, pois as notas líñan quedando no camiño da distáncia. Deixando que os ouvidos gulasen os meus pasos, funme chegando pasenño ó lugar en que se celebraba o concerto. Unha praza madrileña, en que o médeo, señábase c'unha estátua erguelta a un home que deixou como lembranza do seu paso po'la terra, a de unha vida de traballos pró seu propio medro, pero non adicada ó melloramento da estúpida sociedade que tivo a inconscencia de perpetuato. Compremento do moimto, unhas xardis nos que se erguen cara ó céo somollando x'gantescas escobas, algúns arbes raquífticos: bulra da Natureza. Fatos de homes e mulleres sentados; diante, mesas cheas de vasos e botellas contendo líquidos tan diferentes como os caprichos dos paladares. E por último, unha traxédia. Catro cegos rascando en instrumentos de cordas, arrancábanlles notas que a min se me figuraron maldiciós. De cando en cando, unha vella cantaba con voz d'atida, canciós que se antoxaban berros pedindo xusticia.

Chegueme á beira d'estes parlas da Humanidade. Valeirel os meus petos nas meus famélicas abertas pra recoller as esmolos e pedinlles que tocasen a balada do mestre Montes, *Negra Sombra*, pois parecíame que executada por artistas que vivían no mundo das sombras, chegaría a adequirir tod'á intensidade emotiva. Soaron os violís deixando ouvir o comenzo da obra máxica. Pechel os ollos, pra facerme a ilustrón de que me achaba solo n'aquel sitio.

As tristelas melodías que en outras ocasións fixéronme xurdir bágoas, non'as ouzel d'esta vez; pois os violís, cal si fosen gorrax de Cristos-labregos gallegos, deixaban caer nos meus ouvidos salayos e berros de anguria que pedían predeznón! predeznón!

Seguían as xentes que na praza estaban, disfrutando as dozuras d'un vivir que outros non teñen, e fortes risas fuxidas dos peitos engomados; calan sobor min como blasfemias.

Fuxín d'aquel ambiente que me afogaba. Buscando a soedad da casa, iba pensando no que teñen que traballar as fouces pra facer salir das almas dos escravos, as xenreiras acuguladas fal centos de anos.

O subir as escaleiras, obrigáronme a detér as badaladas quo o reló dunha Igrexa veciña deixaba caer amodifio, tanto, que poidérase decir que lle faltaba folgo á máquina. Contéñnas. Era a hora das meigas, a hora en que as almas en pena salen en procesión do mundo dos misterios, pra recorrer o mundo das miserias.

IGNACIO RODRIGUEZ.

Madrid.

AMAÑECER MARIÑÁN

A branca lua acochada n'as negras rubeas, facía que a noite quedase a oscuras. Unha fonte no medio dunha carballeira marmulaba na soedá correndo as suas brancas augas polo-

campo deserto. Os pajarillos n'os seus n'os plaban. O reiseñor melodiaba dende unha pónla, esparxendo o seu doce cantare pola campaña enteira. D'a lexanfa chegaba o doce soldo d'unha gatta, facendo calar a o reiseñor, que mais tarde seguía o seu enterrupido cantare.

A lua brilla outra vez; seu craror esclullea n'as augas dormidas d'as lagoas, ond'as rans cantareiras teñen seus n'os. O vento fil que os ramaxes marmulen tamen n'esta crara noite. Chega o forte soldo d'un vapore que apoga os demais barullos d'o campo.

O día empeza a dibuxarse por entre os montes d'a lexanfa. A lua fixa por entre as montañas, sendo a sua luz xa esvalda. Os primeiros resplandores d'aurora recibense con doces melodías pajarilles. Os pajarillos baixan d'os seus n'os e bican c'o seu petrífico as brancas augas, mentras o sol acarllia'oscos seus loídos rayos d'ouro...

M. PORTO CASÁS.

Vilagarcía.

ALMA GALEGA

I

Antre as novas expresiós nascidas co'o progresivo desenvolvemento do noso espírito colectivo xurdiu derradeiramente unha — a personalidade galega — reveladora da consciencia que de si mesma vai adquirindo Galiza; porque expresiós como esta emergen do fondo do espírito dos povos. Certo que baixo a uniformidade da organización hispánica perduraba unha personalidade galaica, hoje en rápido despertar, expresándose na lingua nos costumes e no arte. Onde radica? Pois ten d'existir un rasgo psicológico fundamental da alma galega co'o que se hachen os outros acordados ou non sería o espírito unha maravillosa e fina armunia.

II

Morna, n'unha nota gris resoando, veu a Primadeira. Sobre do mar plumbeo que ensañase contra da costa, as anduriñas revoan a traves do encanto da soave luz crepuscular, bela durmente deitada nas ondas e na irta gándara. As liñas son esvaidas, somellan difumar-se no puro colorido, como unha grande melodia; porque no mundo visto, o musical é a cor, cadoiro sonoro inundando o valeiro. Canto de mais cor alagado no espazo, mais musicalidade, o cualitativo incomensurable enchendo o espírito con intimo deleite. A terra galega é todo musicalidade; a alma galega é musica e lirica porque aquela (hai unha musica interior sen tonos) nasce do lirismo. Dicia Schiller: "Unha disposición do espírito emerge e desta origina-se a ideia poetica.. E o lirismo é algo mais que fonte de poesia lirica: consintindo na animica subjetividade, canto interior, fruir e acougar no mundo interno, produce tamen unha pintura,

un drama lirico ainda que non puramente lirico (só a musica e a poesia poden traducir totalmente a interioridade). Cando se considera o lirismo (como o facia a retorica tradicional) mera fonte d'arte, pode ser paradoxico afirmá la existencia d'un caracter lirico; non po-lo contrario cando considérase aquil unha disposición do espírito todo. A nota fundamental de que temos falado difunde-se a traves da vida humá revelando-se na espiritualidade calada, reflexiva, intima, pasional e romantica.

III

Galiza foi sempre un povo de cantores. A mais delicada das suas artes populares é a música; música de ritmo incerto querendo ser denantes de todo lirica, cada vez mais lirica. En Compostela (quen descubriu o segredo dos seus muros carrizosos) o Pórtico da Gloria conserva algo asin como un memento aos vellos cantores medioevás que c'as suas violas, arpas, frautas, percorrían as cortes dos reis castelans e portugueses compondo cántigas de refinado e intimo lirismo. Aqués músicos celestes, como os d'eiqui en baixo son cantores d'amore. Seus sons vigorosos e tenros farían tremer muitas almas inspiradas como a do noso rei poeta! Cando o Romanticismo con sopro de vida, abalou as consciencias populares, xurdiu de novo a lirica galega. Ja non eran poetas cortesanos, ja non reis; simples aldeans, bardos d'aldea eran ou cubizaban se-lo os que cantaban agora na mesma modalidade que cantaran os seus antepasados, e ás veces c'unha inspiraçon universal! Unha lirica intima e grande, democrática, veu daquela ao mundo. E hoje cando Galiza ten unha extensa escola artística canto non ha de lirico na sua novela, no seu drama, na sua pintura!

IV

Queredes unha verba que vos diga en resume o noso lirismo e a nosa alma? Ahí a tendes; saudades ou como tamén dixo Rosalía d'elas predilecta, **soidades**. Nota conguerimos de saudosos e morriñentos e milleiros de intimos grandes e pequenos dramas ve cada día a nosa raza desa cubiza do longe. Bentas de min sejades saudades creadoras de tantas cousas nobres; por que no home o mais nobre é desejar algo formoso e amado que sendo noso non é noso!

V

P'ra Heraclito d'Efeso "o cacter é o fado do home", e eu entrevejo o porvir da nosa alma galaica latitando no seu lirismo.

JOHAN V. VIQUEIRA.

Para o Sr. Ribalta

Fixen unha ouservición ao artigo que sobre ortografía publicou o Sr. Ribalta no número 93 de A NOSA TERRA, porque ese señor facía n'el unha afirmaciós errónea que inda mantén, demostrando que apesar do que el non coneece os suídos que o s ten en portugués, o que non lle queda mal porque non é obrigado a coneece'os.

Non se pronuncian de igual modo o s sonoro das palabras; *resurgir*, *centésimo*, *unísono*; que o s sordo das palabras *verso*, *sempre* e que o ss dobrado (que tamén e sordo) das palabras *essencial*, *passente*, *assucareiro*.

O de *resurgir* non soa como o de *verso*.

O de *resurgir* non soa como o de *assucareiro*.

E esto é elsi, non porque o diga eu, ainda que o poido decir.

Consulten ao meu falecido mestre José Antonio Muniz no seu libro *Arte de diser* e vexan o que di Goncalvez Viana no seu *Vocabulario ortográfico*:

"Nenhuma consoante se duplicará no interior o a fim de vocábulo, senao quando a pronunciação assina o extia, o que só acontece con rr, ss, mm, nn, como nas seguintes palavras: carro, cassá, emmalar, ennegrecer."

FERNANDO OSORIO.

XENTE DE FORA

MAX JACOB

Max Jacob, xudio, astrólogo e poeta, e un dos principás propulsores do novo movemento literario en Francia, representado por Guilanme Appollinaire, Pierre Reverdy, Cendrars, Cocqtean etc.

Naceu en Bretaña, terra irmá da nosa, e ten escrito cántigas célticas.

O seu valor prencipal é o de sere un gran humorista. Eisi se manifesta no seu libro *Le Phanérogame*, onde xunta o xeito irónico d'Anatole France co-a bufonería ó Moliere.

Outro libro seu *Le cornet a Dés* ten raros poemas mais ou menos simultaneistas.

Inda ten outros mais poemas, dramas e novelas.

Seu dome ten hoxe moita sona nos grupos literarios mais avanzados.

* * *

A lua, ollo das noites, irmá d'Apolo ceiba seu polvo d'astro que se desfai

No azul Presia das nubes y-a-terra polar

deitase no fondo

por non tel-o ar

ispido d'abondo.

¡E ti, Santa Gudula

Eirexa qu'ondula

nos pombares outos!

¡A lua desfizo o mistéreo dos souts

MAX JACOB.

(trad. de V. R.)

Ourense.

EXPOSICION CAMILO DIAZ

Este noso querido irmán ten perta unha Exposición no Centro Maurista que conquistou gabanzas xustas de cantos a visitaron.

Proba dos merecimentos do notable pintor é que moitos dos seus fermosos traballos xa teñen "adquirido, ó pé.

Camilo Díaz sabe inteltrare coma poucos as tradicións e as superticións galegas. O seu pincel de gabado esceógrafo axétase tamén maravillosamente para o decorativo.

Son xeneraes e xustas as emoras que colecta o noso bó irmán.

A VII ASAMBLEIA AGRARIA

Cando salan estas liñas á publicidade xa se terá escomezado. Nós saudamos ós assembleistas con fondo amore, desexándolles moitos acertos.

Os temas do custionario merecénnos un xuízo que faremos despois que salan discutidos.

Esta Assembleia ofrece unha novidade: a de que nela autuarán nazonalistas e socialistas. Os derradeiros, capitaneados polo deputado Sr. Sabarri.

"Cántigas da Terra,, un dos que mais valen e que honra á Cruña, tomará tamén parte na enxebre festa. Levará o fermoso y-artístico bandeira que lle regalou a Lliga Rexionalista de Cataluña, cumprindo unha promesa do Sr. Rahola, estandarte que acaba de se recibir e que leva no seu escudo sobri'os côtes da bandeira galega unha fouce.

O Presidente do Centro Gallego da Habana

Háchase na Cruña o Presidente d'aquela notable institución don Francisco Pego Pita. Cumprimentáronno o Concello cruñés, o *Círculo d'Artesanos* e outras sociedades.

A *Irmandade da Fala* da Cruña, o mesmo que as mais de Galicia, saudan pol-a nosa mediación a tan dino representante da colonia galega da illa de Cuba e préganlle que influya canto poida preto dos compatriotas emigrados para qu'estes empresten o seu apoio agarimoso a cantos acó na metrópoli, loitan rexamente para erguer a persoalidade da Terra e conseguir a súa suprema liberdade.

Ninguén, e menos os emigrados, poden inhibirense xa no gran preito prantexado polo galeguismo militante.

"O deputado por Veiramar,"

"Compendio de Gramática Galega,"

Proximas a agotárense as edicións d'estes libros da "Biblioteca Galeguista,, avisase a cautos teñan deselo de mercalos que o fagan axil. D'outro xeito, non poderán logo adquirilos.

"O Deputado por Veiramar,, custa tres réas; a "Gramática Galega,, dous réas. Mándanse entrambos libros por correo sen outros gastos.

¡SURSUM CORDA!

Cando s'abran de novo as Cortes, aló para outono, voltará a xurdir o preito das autonomías rexionales. Os catalás háchanse dispostos a dar a batalla. Tódalas forzas palramentarias democráticas d'aquela pedirán rexamente a reforma constitucional. Virá, entón, tamén a reforma da lei electoral.

No próximo outono tódol-os autonomistas da Hespaña poñeránse en pe c'o oxeto de conquistar o novo réxime de liberdade e progreso.

Temos novas de políticos sinificados en que se nos anuncia isto.

E perciso, pois, que os nosos amigos, afíns, e irmáns s'enchan de entusiasmo. Hai que ir axeitando os azos par'a loita.

O derradeiro "statu quo" no que a política vella chegou ó supremo apodrecemento noxento ven dando as boqueadas.

Aveciñanse outra vez datas xúrdias e civicas.

No seo das "Irmandades" agárdase cos brazos abertos a cantos sintan o amore á Terra e deselen a súa redenzón. ¡Morran receios persoanaes e axuntémonos todos baixo a bandeira da causal Ninguén estorbará a ninguén.

O CACIQUISMO SALVAXE

Castelao aldraxado de xeito innobre

E intolerable o que o caciquismo gassetista dos Viturro e compañía acaba de facerlle ó noso Castelao. Na casa patrucial que este ten preto de Rianxo hai unha horta grande amurallada. Dentro da horta, o pai d'Alfonso mandou erguer un hórreo, n'uso do seu perfeuto dereito de propietario do chán. Era un hórreo ledó e fetuquillo. Pois baix'o pretexto de que o hórreo atentaba ó ornato público, o alcalde do concello de Rianxo, criado político de Viturro e compañía mandouno derrubare.

Castelao, entón, veu a Cruña, falou co gobernador maurista Sr. Alcántara para darlle conta do atropello palurdo e vil que se quería cometer c'o seu pai e para pedirlle xustiza. Xustiza lle prometeu o Sr. Alcántara. Mais, cesante éste, consumouse o atropello vergoñoso e incivil pol-a comisión provincial...

O alcalde de Rianxo con cantelros esquirols —pois os da vila negáronse a servir ó caciquismo—protexidos pol-a guardia civil, fai algunhas datas constituíuse na finca de Castelao para botar en baixo aquel hórreo. Os veciños protestaban indignados, cheos de xenreira, contr'os que se prestaron á servir d'istrumentos do bárbaro atropello. Sen a presenza da guardia civil, habería unha traxedia.

Con nobreza cidadana o gran médico santigués D. Auxel Baltar testigo do salvaxe feito, ergueu a súa voz, pregadora de xustiza, ante o Gobernador e a prensa da Cruña. Sollo o *Noroeste* fíxose eco do noxento aldraxe levado a cabo contra de Castelao. Calaron os demais xornaes. A *Voz*, o *Orzán* sen que nos causara estraneza. ¡Pero o *Ideal* que se chama rexionalista e independente? O *Ideal* viturrista, gassetista, ése, ó calar, botou sobre sí a derradeira presada do, descreto: amostrou a súa concencia farisaica. Certo que colleu o telegrama baril do Sr. Baltar, mais sen ningún comentario, coma o *Orzán*.

¿E pode deixarse esto así? Nós coldamoo que ten de facerse un acto de desagravio ó xe-

nial Castelao, gloria galega das máis puras, un dos millores froitos da nosa raza, que seña ó mesmo tempo condanación civil do salvaxe caciquismo ruralista de Gasset, Viturro e compañía. E ese auto de desagravio atoparía momento oportuno cando Castelao faiga a súa notable Exposición na Cruña. Un xantar, verbigracia que dea pretexto para discursos, ou un mitin. Castelao, con Cabanillas que pensa vir acó tamén e c'o doutor Baltar, persidírfan. E logo, invitaríase a artistas a tomar parte no xantar ou no mitin. Porque unha protesta d'artistas e d'intelctuaes faceríase mais forte e simpática, pol-o que ter de novidade, que nengunha outra. E xa é tempo de que termen os creadores de beleza n'esta política de ruelro negación de toda estética, abafadora de toda armufía, chea d'apodrecidas xenreiras, que chegan no seu desafogo a non respetar a homes cumes coma o buste Castelao.

Aconsellaba o *Noroeste*, n'un artigo dino de louba, que tíñamos, cumprido o consello de Cabanillas, que irmos a escupir sobre da tomba dos caciques mortos. Nós opinamos de xeito diferente. Coldamos qu'é perciso pensare—de seguir asía as cousas—en trocar carne viva de caciques en cousa que haxa qu'enterrare e maldecire. Pois se a xusticia continúa sendo arbitrariedade de comisións provinciales imbéciles e noxentas haberá que aconsellar coma cousa santa o terrorismo. Haberá que poñer en práctica aquela gubada caricatura de Castelao que publicou *O Sol*; caricatura onde os caciques sostituyen ós froitos nas arvres dos camiños. E veredes como entón, ningún despota rural nin nengún dos labercos ladrós das quintas fala d'atentados ó ornato público. Que xa é un noxo que pasen por cabaleiros moitos Xans Quintos con faciana de miñatos. E mais noxento aínda que se sintan dinos moitos que lles estreitan a máu.

Os caosantes da traxedia de Nebra inda non escarmentaron.

regal-os traballos, hastra o mes de San Martiño, e d'abondo para que tódol-os nosos escritores poidan aínda facer algunha obra. Tanto mais, cando o tema, extensión e características das obras, fica a libre elección e vountá dos concursantes.

OS COROS GALEGOS

O próximo domingo faceránlle un xusto homenaxe ó que foi fundadore dos mesmos, don Perfeuto Feixóo, na praza de touros de Pontevedra.

POL-O TEATRO GALEGO

O gran certame de Betanzos

Xa se teñen recibido algunhas obras na "Irmandade, de Betanzos. Agárdanse moitas mais. E perciso que cantos sintan a nosa Terra e cóidense con folgos para facer obras teatraes, concurren a tan importante concurso.

O primeiro premio é de cen pesos. E un premio que recompensa ben un serio esforzo. Os outros premios son tamén d'importanza.

Ademais, o prazo que se concede para en-

INAUGURAZON DO NOVO DOMICILIO DA IRMANDADE DA CRUÑA

Quizais se inaugure o novo local da Praza de María Pita, 17, baixo, o 1.º de Setembro próximo. Véñense facendo as mais importantes obras de reforma con toda presa.

Probablemente aquela inauguración se faga c'unha notable Exposición de cadros do xenial paisaxista ferrolán Imeldo Corral e d'esculturas do gabado rapaz Indalecio Díaz Valliño.

Imeldo Corral esportaría 130 obras, todas novas. Con este motivo orgaizariase unha serie de conferencias pol-os intelectuales de maior valimento do nazionalismo galego.

~~~~~

### Peneirando...

O Goberno pensa subencionar a edición do Dicionario catalán d'Alcover.

Xa se coñece cales rexións son as fortes e vivas.

Non subenciona o galego con sere pol-a nosa Irmandade con Portugal d'unha grande utilidade.

II II II

Gómez Carrillo que tan mal falara de Cataluña e dos catalás, agora ven no noxento ABC dándolle xabazón a aquela terra.

E atopa admirabile o emprego do idioma catalán, o mesmo que a cultura catalana.

¡Cómo cambian os tempos!

II II II

Halvos unhos Cresos galegos por Bos Aires que, cando se sinten Mecenas, fan rir.

Enterados eses Cresos de que a Academia Galega percisaba apoio e agarimo despols da ruína xogada que lle fixo "Estudios Galegos, de Picorete and Company, deixándoa sen os cen pesos anuais da Diputación da Cruña, foron e... acordaron arruinarse donando cantidades fabulosas: seis, sete ou dez pesos ó ano cada un.

E os nosos xornaes bombea que te bombea-rás ós fachendosos Cresos metidos a Mecenas.

¿Qué crás de bombos habería que tocara se en troque de catro cartos acordaran donarlle unha milleiro de pesos a Academia ou creara pol-a sua conta un gran Pazo das Artes Galegas, cousa que poderían facer sen moito sacrificio?

II II II

Os nosos amigos de Negreira veñen publicando un boletín nazionalista y anticaciqui nomeado "A Fouce".

Fai campañas moi valentes e nobres. Entr'os que o dirixen figura García Fernández Bodaño, irmán culto e intelixentísimo, loitador exemplar.

A nosa embora e un saúdo cheo d'amore. E ¡adiante!

II II II

O señor Cueto, inxenheiro de minas, que orgaizou a forza de tenacidade e vountá a Felra-Mostrario da Cruña, contra a opinión de Picorete que sollo axuda a cousas nas que pode ser cabeza e loirse, merece o noso aprauso sincero.

## MATERIAES DE CONSTRUCCION

*Cemento Asland*

Madeiras -- Carbón

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

IGNACIO PEDREGAL


NA CRUÑA

## Fábrica de Xergons

*e catres metálicos*

ORZAN 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)



## Grandes Talleres


DE LAVADO E PRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

¡Sempre como novo!

Estores — Visillos — Cortinaxes —  
Cortinillas — Cubre-camas — Batas —  
Brusas — Camisas — Camisóns — Cu-  
bre-corsés — Cuellos e Puños — Enau-  
gas — Gorras — Pantalóns de Sifora —  
Peinadores — Sombreros e Vestidos  
de neno — Traxes, etc., etc.

Hixiene - Elegancia - Esmeiro - Rapidez

Despachos (A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
centraes (Vigo: Praza da Constitución, 12



## Chargeurs Reunis

*Compagnie française de Navigation a vapeur*

## SERVICIOS REGULARES

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bos-Aires, por vapores con inmejorable  
acomodo para pasaxeiros

Para informes dirixanse ós Axentes xeneraes en Hespaña

*Antonio Conde, Hijos*

Praza d'Ourense, 2



**LA PROVEEDORA GALLEGA**

DE

**XUAN VAZQUEZ PEREIRO**

Æ millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés. — Æ CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores produtos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS

GRAN HOTEL, RESTAURANT E CAFE

**“La Perla,”**

Director Propietario: RAMON BARRIO

Ruas de Juana de Vega, 23 é Fonseca, 3 (toda a manzán)

Hai automóvil e lancha-motora, propiedade do Hotel, ao servizo dos señores viaxeiros

É o Hotel mellor e mais moderno da Cruña

Faise cárrago de todas as cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

**A Papeleira Galega**

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

Teléf. 434

BARREIRA, 7

A CRUÑA

**Os viños e coñás millores**

son os qu'eiporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

**O vermouth más selecto**

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

**O Anís do Mono**

é un einspréndido licore sin rival

**Pra viños de mesa**

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓ PEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

**José C. Juncosa**


Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

**Lloyd Real Holandés**

**Amsterdam**

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios

**GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA**

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª clás.

Pra informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

**D. Raimundo Molina e Couceiro**

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO.



## FRÁBICA MECÁNICA DE CALZADO

— DE —

### ANXEL SENRA

#### RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15  
A CRUÑA

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28  
O MELLOR SERVIDO

— DE —

### M. Losada Prado A CRUÑA

## LA SALUD

## CASA DE BAÑOS

A millor da Cruña

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

## A FARTANZA

DE

### CRISTINO P. REY

PROGRESO, 40—A CRUÑA

Irmais: os millores viños que bebedes na Cruña son os que vende esta casa. Quen os proba un vez xa non cata outros. Tamén vende os millores choizos e xamóns de Lugo e toda crás de licores.

## Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés **ROUCH**

Rexenerador **ROSTAM** pra os animaes debles, pra que as galliñas poñan mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.<sup>a</sup>—A CRUÑA

## VIÑOS FINOS

## RIOXA - MEDOC

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

### WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

## Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Ralña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

## Farmacia Europea

— DE —

### López Abente

REAL, 55

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

## EFFECTOS NAVALES

DE

FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESORES

### F. BERTRAN e MIRAMBELL

VIGO e A CRUÑA

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

## GRAN FONDA

## Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu deselo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os prezos están ó alcance de todos.

## LA MODERNISTA

## GRAN SALÓN DE BARBEIRIA


— DE —

### RAMOSE ACEA

San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, loclós e friclós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o público un servizo permanente a cárgo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.



## COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE

### VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

### Servicios directos dende o porto da Cruña

Na derradeira quincena de Agosto aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a Habana e Veracruz o rápido paquete correo

## VENEZIA

### Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)

|                                | Habana         | Veracruz |
|--------------------------------|----------------|----------|
| Ponte paseo:                   |                |          |
| Camarotes de luxo. . . . .     | Ptas. 2.053'75 | 2.138'75 |
| Id. exteriores . . . . .       | > 1.668'75     | 1.753'75 |
| Primeira crase                 |                |          |
| Ponte superior:                |                |          |
| Camarotes exteriores . . . . . | > 1.498'75     | 1.593'75 |
| Id. interiores . . . . .       | > 1.293'75     | 1.378'75 |
| Ponte inferior. . . . .        | > 1.293'75     | 1.378'75 |
| Segunda crase . . . . .        | > 1.103'75     | 1.088'75 |
| Preferencia. . . . .           | > 808'60       | 798'60   |
| TERCEIRA CRASE. . . . .        | > 328'60       | 343'60   |

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consinatario

DON NICANDRO FARIÑA

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo